

ACTA Nº 12 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Culleredo, sita en Rúa do Concello número 12, e sendo as 13:30 horas do día 19 de marzo de 2018, previa convocatoria coa orde do día establecida e comunicada aos compoñentes da mesa coa suficiente antelación,

Reúnense:

- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D^a María José Varela, en representación do Concello de Oleiros.
- D^a Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Francisco Montouto Pérez, en representación do Concello de Sada.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da Mesa.

Lectura e aprobación, no seu caso, do acta da sesión anterior:

Lido o Acta da sesión anterior, apróbbase por unanimidade e asínase polos asistentes a dita xuntanza en duplicado exemplar.

Comeza a reunión co primeiro punto da orde do día:

A. Información sobre os acordos de Mariñan (02/03/2018)

Por parte de Javier Varela, como coordinador da Mesa, outórgase o uso da palabra ao Sr. Díaz Grandío que expón que o 2 de marzo tivo lugar a reunión de Alcaldes do Consorcio de As Mariñas, en Mariñán, á que asistiu tamén o Alcalde de A Coruña, onde quedou patente a sensibilidade sobre o tema do transporte metropolitano e da necesidade de mancomunarse.

Os acordos adoitados polos Alcaldes dos concellos de A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada (este último non puido asistir por motivos de axenda, pero asinou posteriormente os acordos) foron os seguintes:

- Solicitar reunión co Ministro de Fomento para analizar proxectos viarios pendentes de execución na área.
Se solicitará que o encontro se leve a cabo en A Coruña, e se non resulta posible, se trasladarán todos os Alcaldes a Madrid.
- Solicitud de reunión co Presidente da Xunta de Galicia para requerir que se fomenten e adoiten medidas de mellora da mobilidade así como o impulso para a constitución da Área Metropolitana.
- Solicitud de reunión co Presidente da Deputación da Coruña para tratar de temas de mobilidade.
- Demandar ao órgano competente a eliminación de peaxes existentes, así como a súa non utilización en novas infraestruturas.



O Sr. Díaz Grandío valora positivamente este encontro, entendendo que se lle deu un empuxe importante á área metropolitana, resaltando a importante implicación de todos os Alcaldes.

B. Plan de Accesibilidade do transporte metropolitano. Estado da cuestión.

Segue coa palabra Daniel Díaz Grandío, que explica que xa entrou en vigor a 2ª fase do Plan de accesibilidade do transporte metropolitano, entrando xa na Coruña autobuses procedentes de Arteixo, Laracha, Costa da Morte, etc). A implantación desta segunda fase tentou levarse a cabo no mes de decembro, o que foi causa de advertencias por parte do Concello de A Coruña á Dirección Xeral de Mobilidade, xa que o mes de decembro non se consideraba o máis idóneo polas festas de nadal, que sempre incrementan o tráfico.

Finalmente a implantación da 2ª fase do plan de accesibilidade levouse a cabo no mes de febreiro. Unha vez posta en marcha, a empresa concesionaria (ARRIVA) plantexou que o plan tiña algúns erros en canto a paradas (Praza de Pontevedra o Entrexardíns). A raíz deste feito, a Dirección Xeral de Mobilidade pretende modificar a estrutura das paradas, modificación que debe seguir o seu cauce procesal correspondente, que non é a Comisión de Seguemento, senón unha resolución formal equivalente á que aprobou o Plan por parte da Xunta de Galicia.

María José Varela entende que se trata dunha modificación substancial, xa que suporía incrementar moito o tráfico na zona de Entrexardíns.

Daniel Díaz Grandío manifesta que moitos deses autobuses están circulando por rúas, non por vías de alta capacidade, o que non é axeitado.

C. Estado dos traballos desenvoltoos dende o Concellos da Coruña.

- Avance da enquisa mobilidade metropolitana e matriz Orixe/Destino.

Daniel Díaz Grandío expón que a enquisa de mobilidade metropolitana está rematada e foi entregada no mes de decembro. Deixa copia do informe de resultados da enquisa domiciliada de mobilidade da Área Metropolitana de A Coruña, ao coordinador da Mesa. Este informe trasladarase formalmente no día de mañá a todos os Alcaldes. A cada Concello se lle facilitará copia dos datos correspondentes ao mesmo.

Explica que na enquisa tivéronse en conta os 10 Concellos de Área Metropolitana, e resalta a importancia do tratamento que de cada Concello se tivo na elaboración da mesma. Expón que se tivo a mesma esixencia para o distrito censal de A Coruña que para os demais. Se separaron determinadas infraestruturas ou elementos territoriais (focos de atracción como hospitais, universidades, polígonos..) demandantes ou ofertantes de mobilidade aínda que non houbera poboación.

Por medio da enquisa obtívose unha información moi valiosa orixe-destino e das distintas demandas transversais.

Javier Varela Tejedor pregunta qué conclusións poden extraerse da enquisa a nivel global, e Daniel Díaz Grandío contesta que lle parece máis apropiado analizala polo miúdo cos membros da mesa nunha vindeira sesión.

- Proceso para a estruturación do sistema de transporte público do Concello da Coruña.



Daniel Díaz Grandío expón que dende o pasado verán se está estudando a redefinición das liñas de transporte público urbano, materia competencia do Concello de A Coruña; e que lles gustaría que esta proposta tivera tamén un compoñente metropolitano, o que é competencia da Xunta de Galicia.

Dende decembro se conta coa matriz orixe-destino, documento onde xa se poñen de manifesto as principais carencias do transporte urbano.

En canto á proposta de liñas urbanas, o Sr. Díaz Grandío explica que farase en abril a primeira proposta pública de rede urbana. Nos meses de maio-xuño se prevé a fase de exposición pública, que rematará no último trimestre do ano. Posteriormente se elaborará unha resposta técnica de todas as demandas e se fará unha proposta de liñas final a finais deste ano.

En canto á proposta de liñas interurbanas, o Sr. Díaz Grandío manifesta a dificultade de interlocutar coa Dirección Xeral de Mobilidade. Dende xullo de 2017 se está solicitando información técnica vencellada á concesión da Xunta de Galicia, que debería ser pública (información xeográfica, itinerario das distintas liñas, ubicación das paradas, tempos de paso, horarios, vehículos de reserva, etc.). Daniel Díaz Grandío entende que esa información resulta moi valiosa de cara a ter un esbozo de liñas interurbanas. Manifesta a falla de reciprocidade e lealdade institucional manifestada pola Xunta de Galicia.

Javier Varela pregunta se finalmente a Xunta facilitou os datos solicitados, contestando Daniel Díaz Grandío que primeiro se solicitou a información verbalmente, posteriormente mediante correos electrónicos, e finalmente de maneira formal por rexistro a distintos estamentos da Xunta de Galicia. O Sr. Díaz Grandío fai entrega ao coordinador da Mesa de copia dos seguintes escritos para que se acheguen como anexo a acta da xuntanza de hoxe:

- Escrito do Concelleiro delegado de Mobilidade Sostible do Concello da Coruña de data 29 de setembro solicitando diversa información relacionada co transporte público interurbano, necesaria para desenvolver o proxecto de redefinición das liñas de transporte público urbano, remitido á Dirección Xeral de Mobilidade.
- Escrito do Concelleiro delegado de Mobilidade Sostible do Concello da Coruña de data 29 de setembro solicitando diversa información relacionada co transporte público interurbano, necesaria para desenvolver o proxecto de redefinición das liñas de transporte público urbano, remitido ao Instituto de Estudos do Territorio.
- Escrito do Concelleiro delegado de Mobilidade Sostible do Concello da Coruña de data 29 de setembro solicitando diversa información relacionada co transporte público interurbano, necesaria para desenvolver o proxecto de redefinición das liñas de transporte público urbano, remitido á Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- Escrito do Instituto de Estudos do Territorio de 17/10/2017 no que comunican ao Concello de A Coruña que remiten a solicitude á Dirección Xeral de Mobilidade por ser asunto da súa competencia.
- Escrito da AMTEGA polo que informan ao Concello de A Coaruña que esa axencia pública autonómica carece de competencias en rutas de transporte público interurbano.
- Emails entre o Concello de A Coruña e a Xunta de Galicia relacionadas coa solicitude de información sobre rutas transporte interurbano, de datas 29/09/2017, de 06/10/2017, 09/10/2017, 31/10/2017 e 27/11/2017.
- Email de data 10/02/2018 mediante o que o Director Xeral de Mobilidade remite a Daniel Díaz Grandío información sobre as liñas con entrada en A Coruña sen depurar no formato solicitado polo Concello de A Coruña.
- Escrito do Concelleiro delegado de Mobilidade Sostible do Concello da Coruña de data

13/03/2018 dirixido á Dirección Xeral de Mobilidade solicitando a información non remitida por esa Dirección Xeral en relación co transporte público interurbano.

Continúa Daniel Díaz Grandío explicando que esta semana a Xunta de Galicia remitiu ao Concello de A Coruña información xeográfica "sen depurar" referida ás concesións; información que resulta deficiente. Este tema se tratará no día de maña na mesa de Alcaldes e Alcaldesa.

- O sistema de transporte do área urbana da Coruña. Unha visión metropolitana.

Segue coa palabra o Sr. Díaz Grandío, que expón que xa se conta coa enquisa orixe-destino, e que está encaminado o tema do sistema para estruturar o sistema de transporte público urbano. Manifesta que está pendente a constitución da autoridade única do transporte. O ano pasado o Concello de A Coruña contratou unha asistencia técnica para poder ter claros os pasos a dar para conseguir esta autoridade única de transporte, xa que entende imprescindible contar cunha proposta técnica de rede, pero tamén é importante a parte xurídica do proceso. Considera necesario contar cunha folla de ruta para todos os Alcaldes de cara a acadar a autoridade única en materia de transporte.

Javier Varela Tejedor manifesta que lle consta que a asistencia técnica está traballando con dilixencia no tema porque lle pediron datos, dada a súa experiencia profesional na materia; e os puxo en contacto con Yolanda Aguiar, do Concello de Vigo. Lle consta que están traballando fortemente para que os problemas que se tiveron en Vigo non se trasladen aquí. Expón que lle dixeron que despois de semana santa querían presentar ao concello de A Coruña unha proposta de documento sobre a AUT.

Daniel Díaz Grandío di que a empresa está facendo fincapé nos distintos intentos levados a cabo en Galicia.

Javier Varela agradece ao Concello de A Coruña a dispoñibilidade de medios económicos e datos para ir avanzando na materia.

D. Proposta da MMT a Mesa de Alcaldes e Alcaldesa respecto da solicitude a Xunta de Galicia da información precisa para a elaboración dun sistema de transporte único da área urbana da Coruña.

Daniel Díaz Grandío enviará por email ao Coordinador da mesa, escrito de proposta da MMT á Mesa de Alcaldes e Alcaldesa respecto da solicitude á Xunta de Galicia da información precisa para a elaboración dun sistema de transporte único da área urbana da Coruña.

Javier Varela Tejedor pregunta si sería bo que dende a Mesa se fixera unha proposta formal, ao que Daniel Díaz Grandío contesta que si. Os membros da Mesa por unanimidade acordan remitir proposta formal á Mesa de Alcaldes e Alcaldesa.

Javier Varela pregunta si se pode incidir no estudo para a constitución da autoridade única en materia de transporte e se acorda que si. Unha vez redactada a proposta será posta en coñecemento de todos os membros da mesa mediante email para a súa conformidade.

Rogos e Preguntas.

Non se formulan rogos nen preguntas polos asistentes.

E sen máis asuntos que tratar se pecha a reunión sendo as 14:30 do día sinalado ut supra.

